

DECRETO

Tras ver a Acta da Mesa de Contratación, que textualmente di:

“Acta da Mesa de Contratación do día 16 de maio de 2024

Presidenta: Dona Loreto Rodríguez Costas, xefa da Xección I de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento.

Secretaria da Mesa: Dona Estíbaliz Castelao García, administrativo do Servizo de Contratación e Fomento.

Vogais:

- D. Pablo Seoane Cancelo, asesor técnico do Servizo de Contratación e Fomento, en substitución do Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.
- Dona Ana M^a Pérez Ramos, técnica de administración xeral do Servizo de Intervención, en substitución da Interventora da Deputación de Lugo.
- Dona Sonia Méndez García, técnica de administración xeral do Servizo de Contratación e Fomento.
- D. Gonzalo Rodríguez Ferreiro, Coordinador xefe da Granxa Gayoso Castro.

Sendo as 11:03 horas do día 16 de maio do 2024, baixo a Presidencia de Dona Loreto Rodríguez Costas, constitúese a Mesa de contratación a través de medios electrónicos, co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada pola Presidenta da Mesa, a tales efectos.


Pola Presidencia procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación da subministración de forraxes secas para o gando da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación provincial de Lugo. 2024/CON_02/000037

1. Apertura e cualificación administrativa correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.
2. Apertura criterios avaliados automaticamente.
3. Valoración criterios avaliados automaticamente.
4. Mellor valorado requirimento de documentación.

Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres que conteñen as declaracións de cumprimento de requisitos previos dos licitadores concorrentes a esta licitación que, segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

	IV7XYHBTJTWPLXBJQAWNNYHT4M	Fecha y Hora	24/05/2024 13:01:12
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHBTJTWPLXBJQAWNNYHT4M	Página	1/3



Licitadores
Almacenes Avelino, S.L.

A Mesa de contratación acorda admitir as ofertas presentadas polo único licitador presentado, procedendo acto seguido á cualificación do sobre electrónico que contén a declaración de cumprimento de requisitos previos, cos seguintes resultados: O Anexos I presentado pola única licitadora, Almacenes Avelino, SL. axústase aos requisitos recollidos no PCAP.

A continuación procédese á apertura do sobre relativo aos criterios de adjudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos seguintes resultados:

Almacenes Avelino, SL	
Porcentaxe desconto tonelada palla larga de cebada	15,50 %
Porcentaxe desconto tonelada alfalfa en rama	3,14 %
Redución do prazo de entrega. entrega: máximo días	4 días

A Mesa de contratación acorda outorgar as seguintes puntuacións:

Almacenes Avelino, SL		
Puntuación porcentaxe desconto	Puntuación redución do prazo de entrega	Puntuación Total
95	5	100

Unha vez realizada a comprobación de que a proposta non está incursa en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, a Mesa de contratación, acorda elevar ao Órgano de contratación a seguinte proposta:

1º.- Clasificar aos licitadores presentados, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación.

Nº Orde	Licitador	Puntuación Total
1	Almacenes Avelino, SL	100

2º.- Requerir á empresa Almacenes Avelino, SL para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presenten, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia e acrediten a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido

	IV7XYHBTJTWPLXBJQAWNNYHT4M	Fecha y Hora	24/05/2024 13:01:12
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHBTJTWPLXBJQAWNNYHT4M	Página	2/3





no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Importe de adxudicación, sen IVE	Importe da garantía definitiva 5%
60.500,00 €	3.025,00 €

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 11:20 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.

A presente asínase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da mesa de contratación sinalada no encabezado.”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

O PRESIDENTE,

P.D. Decreto de data 04-07-2023

O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO,

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV7XYHBTJTWPLXBJQAWNNYHT4M	Fecha y Hora	24/05/2024 13:01:12
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYHBTJTWPLXBJQAWNNYHT4M	Página	3/3

